



Galicia

# GALICIA

## LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA  
polo TEU**
**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 660 Semana do 11 ao 17 de xaneiro de 2016

## O CONGRESO EXTRAORDINARIO DE UGT-GALICIA ELIXE 16 DELEGADOS AO CONGRESO CONFEDERAL DE MARZO

**Redacción.**- Ao longo de mañá do pasado xoves celebrouse en Santiago o Congreso extraordinario de UGT-Galicia, previo ao 42 Congreso confederal de UGT que terá lugar entre o 9 e o 12 de marzo en Madrid. Este Congreso extraordinario contou coa presenza do secretario de Organización e Comunicación confederal, José Javier Cubillo.

Analizouse a xestión da Comisión Executiva confederal neste último mandato que, en termos xerais valorouse como positiva, xa que na actual conxuntura e con todas as dificultades engadidas conseguiu posicionar a UGT como unha organización de referencia para a sociedade española, con niveis de afiliación e representación moi importantes.

O Congreso extraordinario de UGT-Galicia tamén remarcou a transcendencia histórica do vindeiro Congreso confederal no que se producirá un cambio de



liderado e unha refundación a nivel organizativo para facer un sindicato máis eficiente e con maior capacidade de dar resposta aos problemas das persoas traballadoras e avanzar no crecemento de emprego de calidade e de recuperación de dereitos sociais e laborais.

Finalmente, se levou a cabo a elección das 16 persoas que acudirán ao Congreso confederal en representación de UGT-Galicia. A relación de delegados e delegadas é a se-

guinte: José Antonio Gómez, Delia Irene Martínez, José Domingo Barros, Mónica Rodríguez, José Carrillo, Ana Belén Valiño, Inmaculada Sieiro, César Fraga, Ángel Tomé, Ramón Vidal, Laura López, Yago de Ron Fernández, Roberto Tejjido, Rosa Arcos, Juan Manuel Carreira e Celestino Criado.

Todas estas persoas representan a totalidade das estruturas territoriais e das federacións de nacionalidade do Sindicato en Galicia.

## O SMI A 800€, UNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS E UN PLAN CONTRA A POBREZA SON A PRIORIDADE SOCIAL

**Redacción.**- UGT e CCOO reuníronse esta semana cos responsables dos partidos políticos Podemos e PSOE para expoñerlles as reivindicacións das persoas traballadoras ao inicio deste novo período de lexislatura.

Os sindicatos comparten a necesidade de impulsar políticas que melloren a vida das persoas e especialmente daqueles colectivos que están a sufrir máis directamente as consecuencias da crise e outras medidas que empecen a reverter os aspectos máis perversos da crise e a súa repercusión na vida dos traballadores.

### Centrar a axenda política nas cuestións sociais

UGT e CCOO coincidiron con ambas formacións políticas na necesidade de que a axenda política se centre nas cuestións sociais e económicas que afectan de forma

máis intensa á poboación e, entre outras cuestións, dar resposta urgente ás situacións de emerxencia social que existen na nosa sociedade.

Para atacar a desigualdade e a pobreza hai que reverter as reformas laborais e a de pensións, reformar a fiscalidade, as prestacións por desemprego ou a LOMCE, entre outras.

É necesario combinar adecuadamente cambios de medio prazo co urgente. Por iso, UGT e CCOO trasladaron que unha forma importante de loita contra a pobreza pasa por revalorizar o SMI, que consideran débese situar en 2016 nos 800 euros mensuais para avanzar no cumprimento do obxectivo establecido na Carta Social Europea de situalo no 60% do ingreso medio. Así mesmo, trasladaron a PSOE e Podemos a necesidade de incluír un compromiso lexislativo dun aumento progresivo e suficiente,

durante a próxima lexislatura, e garantindo unha cláusula de actualización anual fronte a posibles perdas de poder adquisitivo ou pola mellora do salario medio xeneral.

As organizacións sindicais insistiron na necesidade de impulsar, de forma inmediata, unha prestación de ingresos mínimos en liña coa Iniciativa Lexislativa Popular impulsada por CCOO e UGT e contribuír a completar con iso as lagoas dos nosos sistemas de protección social, e garantir unha prestación económica a todas as persoas que carezan de emprego e de ingresos suficientes, mentres dure tal situación de necesidade.

Xunto a iso, tanto os sindicatos como as dúas formacións políticas coincidiron na necesidade de realizar un tratamento integral do fenómeno da pobreza, articulando medidas nas distintas manifestacións que este

*Continúa na páxina seguinte...*

...ven da páxina anterior.

ten.

Así mesmo, UGT e CCOO demandan un novo formato do Plan de inclusión social, que se deseñe de maneira participada. Un plan integral que actúe en todos os ámbitos que interveñen neste fenómeno (emprego, educación, sanidade, servizos sociais, etc.) cun obxectivo claro e común que vertebre as distintas accións.

### Reunión con Podemos

Primeramente, os sindicatos reuníronse con Podemos, que explicou a ambas as organizacións sindicais a iniciativa parlamentaria para unha Lei de Emerxencia Social que os seus deputados electos presentarán ás Cor-

tes Xerais de forma inmediata á súa constitución.

Ademais destes aspectos concretos, os sindicatos e Podemos manifestaron a súa vontade de establecer un marco de diálogo e de traballo para avanzar en propostas que fagan reverter a senda de medidas restritivas desde o punto de vista económico, de relacións laborais e negociación colectiva, de liberdades cidadás e servizos públicos.

### Reunión co PSOE

Na reunión mantida co PSOE, UGT e CCOO remarcaron a coincidencia de "poñer en valor o papel do diálogo social, claramente ninguneado na anterior lexislatura. Proba diso foron os máis de 65 decretos leis, que foron o instrumento de gobernanza do PP".

Outras cuestións suscitadas polos sindicatos son a necesidade de impulsar o Pacto de Toledo e derrogar a actual lei de pensións que supón unha perda de poder adquisitivo para os pensionistas, no curto, medio e longo prazo. Recuperar un sistema de relacións laborais democrático, equilibrado e participativo. Derrogar o artigo 315.3 do Código Penal que criminaliza o dereito á folga (hai máis de 300 sindicalistas imputados, encausados e en moitos casos condenados) e reforzar o sistema de servizos sociais.

Así mesmo, é preciso dignificar e recuperar o papel da dependencia e os servizos públicos de emprego e promover realmente o cambio de modelo produtivo. Toni Ferrer, secretario confederal de Acción Sindical de UGT, destacou que se estableceu un compromiso conxunto para abordar e debater todas estas iniciativas.

## UGT DENUNCIA PROBLEMAS NOS XULGADOS TRAS A IMPLANTACIÓN DA VÍA TELEMÁTICA

**Redacción.-** Como xa se viña advertindo dende FSP-Xustiza dende hai un ano, a Administración de xustiza en Galicia non está preparada para a supresión do papel e a implantación do sistema de comunicación cos xulgados por vía telemática, como así o establece a Lei de enxuzamento civil dende o 1 de xaneiro de 2016.

O pasado luns, o primeiro día de implantación ao cen por cento, xa se colapsou o sistema que estivo sen funcionar dende as 11.00 ata as 14.00 horas paralizando o envío telemático de escritos nos xulgados.

UGT insiste en denunciar a falta de re-

ursos humanos, materiais, técnicos e de formación para acometer un cambio de sistema de tales dimensións.

Xa o día 7 de xaneiro o Sindicato dirixiu un escrito á Consellería para que convoque unha mesa sectorial para o seguimento da implantación de LexNet, do mesmo xeito que o fixo o Ministerio de Xustiza no seu ámbito.

UGT fai fincapé en que non existiu planificación entre os distintos operadores (Axencia Tributaria, Seguridade Social, avogados, procuradores...). Houbo deixación de funcións por parte do señor Rueda e detéctase falta de



investimento (anchos de banda escasos, ordenadores que terían que ser cambiados e bases de datos e o modelo de aplicación procesal informática sen actualizar) que desemboca no sucedido estes días.

## MAIORÍA ABSOLUTA DE UGT EN AUDASA

**Redacción.-** UGT ven de gañar as eleccións en Autoestradas do Atlántico (AUDASA) e, ademais, aumenta a súa representación en relación ao proceso anterior ao pasar de 4 a 5 representantes.

Os traballadores de AUDASA na zona

norte depositaron novamente a súa confianza en SMC-UGT, o que suporá que sexa tamén o sindicato con maior representación no Comité intercentros con catro membros.

No colexio de técnicos UGT obtivo un

delegado e outro foi para CCOO. No de especialistas UGT acadou catro, dous a CIG e un CCOO. E UGT foi a lista máis votada nos dous colexios con máis do 50% dos sufraxios. O Comité intercentros quedará conformado por catro delegados de UGT, tres de CCOO, dous da CIG e un de SITA.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>